

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Pozo Triviño, María Isabel del
Quintero Martínez, Félix
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rubio Armesto, Belén
Sánchez Moreiras, Adela María
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Álvarez González, Susana
Bajo Palacio, Ignacio
Díaz Redondo, Rebeca P.
Fariña Rodríguez, José
Formella, Arno
Lorenzo González, María de las Nieves
Mociño González, María Isabel
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Río Otero, Coral del
Rodríguez Domínguez, María del Mar
Rodríguez Vázquez, Virxilio
Torres Romay, Emma

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Arévalo Tomé, Raquel
López Ardao, Jose Carlos
López Mira, Álvaro Xosé
Montero Reguera, José Francisco
Paz Penín, María Concepción
Porteiro Fresco, Jacobo
Romo Pérez, Vicente
Rúas Araújo, José
Ruiz Hidalgo, María del Carmen
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé
Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a Covadonga

ESTUDANTES

González González, Jaime
Lima González, Estela
Rodríguez Pousa, Estela

PAS

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Larriba Leira, Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel
García Eirín, José Manuel

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

González Penín, Ana Isabel
Pazos Currás, Marta María
Soto González, María Mercedes

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 30 de xullo de 2025, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 30 de xullo de 2025 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente na Sala Manolo Ramos.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 25 de xuño de 2025.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da proposta de modificación de RPT nos servizos de Detección Remota e Microscopía Electrónica do CACTI.
4. Aprobación, se procede, das modificacións na normativa de profesorado substituto.
5. Aprobación, se procede, da contratación dunha profesora visitante para o curso 2025/26 no departamento de escultura (H07).
6. Aprobación, se procede, do modelo de convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para levar a cabo conxuntamente a organización e o desenvolvemento das ensinanzas oficiais de programas de grao e mestrado.
7. Aprobación, se procede, do calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, mestrado e doutoramento para o curso 2027/2028.
8. Aprobación, se procede, da normativa de programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións de grao co itinerario específico na Universidade de Vigo.
9. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de Réxime Interno do Servizo de Publicacións.
10. Aprobación, se procede, das bases do programa de retención de talento investigador da Universidade de Vigo para o 2025.
11. Aprobación, se procede, da creación do Instituto en Ciencias do Deporte (INCIDE).
12. Aprobación, se procede, da creación da spin off CIES5SEC.
13. Aprobación, se procede, da solicitude pola Universidade de Vigo da cesión pola Xunta de Galicia dos edificios Morse e Enfermería do antigo complexo da Escola de Transmisións e Electrónica da Armada (ETEA) en Teis, Vigo.
14. Aprobación, se procede, da proposta de modificación do Regulamento para a docencia en lingua estranxeira nos centros da Universidade de Vigo (ReDLE).

15. Posicionamento da Universidade de Vigo ó respecto do uso do galego e doutras linguas do estado na Unión Europea.
16. Nomeamento dos membros da Comisión contra o Acoso Sexual e por razón de Sexo (CAS), a proposta da Comisión de Igualdade da Universidade de Vigo.
17. Elección dos seguintes membros das comisións delegadas do Consello de Goberno: Organización Académica e Profesorado (1 PDI); e Extensión Universitaria e Estudiantes (1PDI).
18. Elección dun representante no Comité de Dirección da EIDO: 1 estudante do ámbito Tecnolóxico.
19. Quenda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 25 de xuño de 2025.

O reitor pide, despois de feitas as correccións solicitadas, que se aprobe por asentimento.

Apróbase por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- PDA realizada en tempo e forma.
- Posta en marcha do programa ePOD, realizado polo grupo de Martín López Nores.
- POD en tempo e forma.
- En prazo para as saídas de prazas, listaxes de agarda, profesorado substituto. A pesares dos cambios normativos forzados, teremos un verán tranquilo.
- Prazas de PDI, estado das mesmas, con moitas das mesmas resoltas.
- Evolución das prazas de profesorado.
- Preinscrición. Estudiantes de primeira opción na Universidade de Vigo: Prazas oferta, 3527. No 2024, 4731. No 2025, 4966. Diferenza, 371.
- Matrícula tras o cuarto chamamento na Universidade de Vigo: Oferta, 3.752. Matrícula, 3970. Porcentaxe, 105,81%.
- Presentación de iLINGUA.
- Celebradas dúas reunións do grupo de traballo de descentralización de Medicina.
- Doutoramentos industriais- presentación GAIN.
- Inicio das obras do edificio da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo.
- I Simposio Galego de Astronomía e Astrofísica.
- Presentación do libro 100 voces femininas, para mellorar o mundo.
- O mestrado en Enxeñaría Informática recibe o selo Internacional Euro-Inf.
- O CACTI acada 1.4 millóns de euros en equipamento.
- O grupo ENCOMAT do CINTECX lidera o proxecto SmartCoDur.
- Nova edición de Ciencia de ida e volta. 10.000 participantes.
- Presentado o libro dos primeiros 25 anos de Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
- Luis Anido e Manuel Fernández reciben o premio AMTEGA ao mellor proxecto con beneficio social na Noite Galega das Telecomunicacións.
- O metaverso, de novo presente na Facultade de Comunicación.

- 130 estudantes de Campus Spain rematan os seus estudos de castelán no Centro de Linguas. Hai un problema co Curso CdL para estranxeiros, debido a unha modificación legal de estranxeiría, polo que faremos un Título propio da Uvigo para solventar esta cuestión.
- Nova dobre titulación: Dobre Máster en Comercio Internacional (UVigo), Commerce International Amérique Latine et Péninsule Iberique-ALPI (Rennes 2).

Intervén a continuación o decano da Facultade de Filoloxía e Tradución para agradecer o informe que fixo sobre Campus Spain e o Centro de Linguas, e a intención de acordar o que sexa factible. Se hai ocasión deberían falar sobre este asunto, que haxa un diálogo verdadeiro e non unha imposición como foi neste caso.

O reitor di que pediu asistir á Xunta de Facultade que tiveron hai uns días pero non foi posible por temas de axenda, queda emprazado para ir á próxima Xunta de Facultade de Filoloxía e Tradución para explicar o que sexa preciso. O decano responde que coñece perfectamente a historia tanto de palabra como por escrito. A Facultade é a súa casa e será sempre benvido, o único que agarda é que se fale con calma sobre este asunto.

Miguel Cuevas agradece este éxito, respecto á matrícula dun 105%, ao delegado do reitor na CIUG, aos LERDS, ao servizo de xestión académica, e a todo o persoal encargado de que o proceso da matrícula funcione. Con respecto ao título propio, quere explicar que este título propio non está coordinado por persoas da Facultade de Filoloxía e Tradución, facultade da Universidade Pública de Vigo, e por que gran parte do diñeiro queda na FUVI, unha fundación de dereito privado. A cuestión da emigración non é nova, porque isto se establecía xa nunha instrución da Dirección xeral de Migracións, por transposición dunha directiva europea do ano 2023. Como a súa entrada en vigor produciuse a finais do 2024, houbo tempo para arranxar este tema sen présa. Esta colaboración coa Facultade de Filoloxía e Tradución chega cando non hai mais remedio. Non temos que ver o precipicio para falar de colaboracións, ten que vir de seu, non por imposición. Solicita que consten na acta as palabras do reitor cando afirma que este diñeiro vai servir para pagar o salario do persoal da Fundación, polo tanto con diñeiro que sae dun título propio organizado pola Universidade de Vigo, que só lle ofreceu a Facultade un 25%, e que non ten que ver cunha circunstancia sobrevida, polo menos dende o 20 de novembro de 2024.

O reitor responde que haberá que facer bastantes precisións con respecto ás palabras de Miguel Cuevas, pero como quedou emprazado a ir á Facultade, aí dará as explicacións oportunas con datos económicos.

3. Aprobación, se procede, da proposta de modificación de RPT nos servizos de Detección Remota e Microscopía Electrónica do CACTI.

O reitor cede a palabra á xerente, quen informa sobre a proposta, contida na memoria xustificativa da proposta de modificación de RPT, xa que a Dirección do CACTI solicitou a reorganización de determinados postos de RPT por motivos organizativos.

Tendo en conta que se necesita dotar ao servizo de Microscopía Electrónica con Técnicos Superiores do Subgrupo A1, coa seguinte finalidade:

Homoxeneizar o nivel de competencias e responsabilidades dentro do equipo. Garantir a flexibilidade operativa e permitir a rotación entre equipos e técnicas avanzadas, cubrindo as necesidades do servizo. Prever a atención dos picos de produción que requiren de alta resolución. Aliñar a categoría profesional ás reais esixencias do servizo. Adecuar as funcións á categoría profesional e nivel de cualificación. A dirección do CACTI propón unha modificación na RPT, que non supón custo e que implica a xeración dun posto de traballo A1 no Servizo de Microscopía e a amortización do posto de traballo A1 no servizo de Teledetección.

José Manuel García Eirín intervéñ para dicir que esta proposta foi a negociación coa Xunta de Persoal, e a Xunta de Persoal considerou que non era acaído seguir poñendo parches por unha RPT que ven de cando ven, e o que se debía facer é negociar unha RPT no seu conxunto e non seguir con isto, con solucións a temas puntuais. Conta con informe negativo. Non entende a urxencia desta modificación, cos temas que se deben solucionar sentándose e falando dunha vez.

Yolanda Lesmes comenta as motivacións desta modificación puntual deste posto de traballo, pola absoluta necesidade no Servizo de Microscopía que consta na documentación que se remitiu aos membros de Consello de Goberno. A Xunta de Persoal sabe que levaron 4 postos de traballo a modificación na RPT, non habendo acordo para modificarse a RPT. Por iso mantense esta, pola evidencia da súa necesidade, e porque non supón custo e serve para prestar un servizo que da resposta á demanda no CACTI. O resto das prazas quedáronse fóra ao non ser aceptadas pola Xunta de Persoal.

O reitor dille a Xosé Manuel que ten razón, que se ten que proceder coa RPT, polo que á volta do verán procederase con este tema con urxencia. Cre que este tema non vai a ser un problema na negociación.

José Manuel pediría votar, pero a el non lle corresponde xa que está como representante sindical.

Virxilio Rodríguez intervéñ a continuación para solicitar votación.

Resultado da votación:

Votos a favor: 33

Votos en contra: 0

Abstencións: 8

Apróbase por maioría.

4. Aprobación, se procede, das modificacións na normativa de profesorado substituto.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen agradece a Ignacio Bajo Palacio as observacións feitas con respecto á normativa de profesorado substituto. Tamén agradece a Arno Formella e a Xoán Carlos F. Moreno, xa que informáronlle dunha errata no documento pendurado sobre a normativa de substitutos, o párrafo 2.2 está repetido. A continuación procede coa seguinte presentación:

1. Profesorado contratado substituto

1.1. O profesorado contratado substituto terá dedicación parcial. Poderá ter dedicación total cando esta sexa para substituír un único/a docente e estea debidamente motivada (excedencia, servizos especiais, baixa de longa duración etc.). A finalidade dos seus contratos será a establecida no artigo 80 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU). **A solicitude, debidamente motivada segundo o informe do departamento, será enviada á vicerreitoría con competencias en materia de profesorado e avaliada pola COAP, quen autorizará ou non a correspondente contratación.**

1. Profesorado contratado substituto

1.2. A provisión de prazas de profesorado substituto realizarase mediante listaxes de agarda que se xerarán mediante un concurso específico

1. Profesorado contratado substituto

1.3. A duración do contrato será a determinada polo motivo da substitución. Nos casos nos que a causa da substitución (excedencia, servizos especiais, baixa de longa duración etc.) se prolongue máis alá dun curso académico, o profesor/a substituto permanecerá contratado de xeito continuado ata que se extinga o motivo da substitución.

2. Concurso para a xeración de listaxes de agarda de profesorado substituto

2.2.1 Cada departamento con unidades docentes, que teñan necesidades docentes que non poidan atender cos efectivos dispoñibles, ten a obriga de solicitar e actualizar, de xeito anual, unha listaxe de agarda de profesorado substituto para cada unha das unidades docentes con necesidades, aínda que, de xeito excepcional, tamén se poderá solicitar máis dunha listaxe nunha **unidade docente** cando esta estea adecuadamente motivada **mediante un informe do departamento enviado á vicerreitoría con competencias en materia de profesorado.**

2. Concurso para a xeración de listaxes de agarda de profesorado substituto

Cada departamento, co apoio da unidade departamental, introducirá na aplicación de xestión académica a solicitude da nova listaxe de agarda cando esta sexa necesaria. O consello de departamento determinará a titulación universitaria esixida, tanto xenérica coma, no seu caso, específica e, de ser o caso, os criterios de selección requiridos para titulacións que impartan docencia nalgún idioma estranxeiro.

2. Concurso para a xeración de listaxes de agarda de profesorado substituto

2.2.3. A avaliación dos méritos presentados polas persoas candidatas será feita por unha comisión de selección, constituída por tres docentes da área ou áreas afíns (máis tres suplentes), que se constituirá e publicará os requisitos que a comisión terá en conta para avaliar os méritos, previamente á súa presentación polas persoas solicitantes. **A comisión avaliadora poderá ser renovada na actualización anual das listaxes.**

2. Concurso para a xeración de listaxes de agarda de profesorado substituto

Así mesmo, formará parte das comisións de selección unha persoa representante do persoal traballador, con voz e sen voto, se así o solicita a propia representación sindical ou a comisión, sempre e cando este requirimento se faga antes da constitución da comisión. **No caso de que algunha das persoas candidatas considere necesaria a presenza dun representante sindical, poderá requirila a través da comunicación á propia comisión avaliadora, en calquera momento ao longo de todo o desenvolvemento do concurso da praza.**

2. Concurso para a xeración de listaxes de agarda de profesorado substituto

2.2.4. As persoas candidatas presentarán unicamente os 10 méritos máis salientables da súa traxectoria académica, docente, laboral e investigadora (p. e., número total de horas de docencia universitaria, número total de horas de docencia non universitaria, mestrados de especialidade etc.), xustificando a súa selección e relevancia para a listaxe de agarda á que se están a presentar.

3. Xestión das listaxes de agarda

3.1. Cando nunha unidade docente sobreveñan, ao longo do curso académico, necesidades docentes ás que non se poida facer fronte coa capacidade dispoñible, o departamento poñerá tal circunstancia en coñecemento da vicerreitoría competente en materia de profesorado que, tras apreciar a necesidade de contratación, poderá ofrecerlles un contrato como profesor/a substituto ás persoas aspirantes que figuren na listaxe de agarda, e informará disto na seguinte reunión da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP). A dedicación do contrato será a que determinen as necesidades docentes e non poderá ser superior á dedicación definida no concurso que xerou a listaxe de agarda.

3. Xestión das listaxes de agarda

3.4. As persoas incluídas nas listaxes de agarda que formalicen un contrato consideraranse temporalmente suspendidas na listaxe e non se lles ofertarán novos contratos durante o curso correspondente **mentres o contrato estea en vigor, agás que a contratación se producise para o primeiro semestre e o novo contrato corresponda ao segundo semestre.** Se un ou unha solicitante está anotado en varias listaxes de agarda ao mesmo tempo, consideraranse suspendido de todas as listaxes mentres teña contrato en vigor como profesor substituto/a da Universidade de Vigo.


Miguel Cuevas Alonso dá as grazas á vicerreitora pola abertura á negociación.

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, da contratación dunha profesora visitante para o curso 2025/26 no departamento de escultura (H07).

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen comenta que houbo 4 xubilacións no departamento de escultura este ano e que se prevén moitas nos vindeiros anos, por iso parécelle ben esta proposta:

ASUNTO: Informe sobre la excelencia de la profesora Holga Méndez Fernández de la Universidad de Zaragoza para proseguir su carrera docente e investigadora en el Departamento de Escultura de la Universidad de Vigo.	ASUNTO: Docencia adscrita a la Profesora Visitante Holga Méndez Fernández en el Departamento de Escultura de la Universidad de Vigo.																				
La profesora Holga Méndez Fernández es licenciada en BBAA, (1993) y doctora, (2008) por la Universidad de Vigo. Pertenece, por lo tanto, a la primera promoción de la Facultad de BBAA de Pontevedra. Su experiencia docente está avalada por una larga trayectoria que se inicia en el 2002 en la Universidad de Vigo, prosigue en la Universidad de Salamanca y por último se desarrolla de forma más continuada en la Universidad de Zaragoza bajo la categoría profesional de Profesora Contratada Doctora. Ha impartido asignaturas del área de Escultura, entre las que cabría destacar: "Arte, entorno y espacio público", "Instalaciones", "Construcción del discurso artístico", etc., además de materias de diferentes materias oficiales, entre las que señalaría: "Arte Contemporáneo". En ningún momento ha perdido su vinculación con la facultad de BBAA de Pontevedra y prueba de ello es la codirección de dos tesis doctorales con dos distinguidos catedráticos de la Universidad de Vigo: los profesores Juan Fernando de Laiglesia y Jesús Hernández. En lo relativo a su actividad investigadora, ésta siempre ha estado y está acompañada por un rico trabajo artístico basado en estructuras biomórficas que generan discontinuidades poéticas entre los ensayos y el espacio que habitan. Sus proyectos artísticos más significativos: "Huellas de los días", "Aporías del paisaje", "Jardines de la memoria", etc., son el sendero por donde han ido sus artículos, libros y proyectos de investigación. Su perfil como docente e investigadora es apropiado para el Departamento de Escultura y de manera especial para asignaturas como: Arte, Naturaleza y medio Ambiente, Antropología, etc. materias que ha impartido a lo largo de su carrera docente el profesor Fernando Estarque Casas y que ahora se jubila. Es por ello por lo que solicito la contratación de la profesora Holga Méndez Fernández de la Universidad de Zaragoza como Profesora Visitante de la Universidad de Vigo para impartir docencia en la Facultad de Bellas Artes de Pontevedra. Sin otro particular, y para que así conste firmo el presente documento. ROMAN REDONDO JUAN CARLOS + 14585201G Firmado digitalmente por ROMAN REDONDO JUAN CARLOS + 14585201G Fecha: 2025.07.12 11:17:10 +02'00'	Según la excelencia curricular de la profesora de la Universidad de Zaragoza, la profesora Holga Méndez Fernández, licenciada y doctora por la Universidad de Vigo, quiero hacer constar que, después de haber estudiado el POD aprobado en acuerdo de la COAP 2025, 04, 10 y tras la repentina jubilación del profesor: Fernando Estarque Casas, su docencia estará adscrita a las siguientes materias: <table border="1"><thead><tr><th>Asignatura</th><th>curso</th><th>horas</th><th>código</th></tr></thead><tbody><tr><td>Antropología del arte</td><td>1º</td><td>88 h.</td><td>P01G010V01101</td></tr><tr><td>Arte, Naturaleza y Medio Ambiente</td><td>4º</td><td>105 h.</td><td>P01G010V01902</td></tr><tr><td>Escultura</td><td>2º</td><td>47 h.</td><td>P01G010V01304</td></tr><tr><td>Horas totales asignadas</td><td></td><td>240 h.</td><td></td></tr></tbody></table> La Profesora Visitante Holga Méndez Fernández sustituirá al profesor Fernando Estarque Casas en las 55 horas que tenía asignadas en Antropología del Arte y las 105 horas en Arte, Naturaleza y Medio Ambiente. Por otra parte, se compromete a impartir las 33 horas que estaban establecidas a un profesor de lista de Agenda (LA2 90H (1ºC) // 33) en Antropología. Por último, y para alcanzar la docencia por contrato, la profesora Holga Méndez impartirá la materia de Escultura de 2º curso con 47 horas, docencia adscrita a otro profesor de lista de Agenda (LA5 75H (1ºC) // 48 (Escultura). La hora que faltaría por cubrir la impartirá el profesor Titular y coordinador de la materia, D. Javier Tudela Sáenz de Pipaón. Y para que conste, firmo el presente escrito en Pontevedra. ROMAN REDONDO JUAN CARLOS + 14585201G Firmado digitalmente por ROMAN REDONDO JUAN CARLOS + 14585201G Fecha: 2025.07.12 17:36:13 +02'00' Fdo.: Juan Carlos Román Redondo Director del Departamento de Escultura Facultad de Bellas Artes de Pontevedra Universidad de Vigo	Asignatura	curso	horas	código	Antropología del arte	1º	88 h.	P01G010V01101	Arte, Naturaleza y Medio Ambiente	4º	105 h.	P01G010V01902	Escultura	2º	47 h.	P01G010V01304	Horas totales asignadas		240 h.	
Asignatura	curso	horas	código																		
Antropología del arte	1º	88 h.	P01G010V01101																		
Arte, Naturaleza y Medio Ambiente	4º	105 h.	P01G010V01902																		
Escultura	2º	47 h.	P01G010V01304																		
Horas totales asignadas		240 h.																			



Apróbase por asentimento.

6. **Aprobación, se procede, do modelo de convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para levar a cabo conxuntamente a organización e o desenvolvemento das ensinanzas oficiais de programas de grao e mestrado.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Educativa, quen informa do seguinte modelo de convenio interuniversitario, semellante aos que se fixeron para os de doutoramento:

Informado favorablemente por asentimento na sesión da COAP do 22 de xullo

• **Modelo común de convenio de colaboración entre as tres universidades do SUG para os títulos de grao e de mestrado interuniversitarios:**

- Coordinación académica: universidade responsable e universidade(s) coordinadora(s) académica(s).
- Comisión de título.
- Programa docente e oferta do grao/mestrado universitario.
- Admisión e matrícula. Xestión académica.
- Profesorado.
- Procedemento de modificación, extinción de títulos.
- Comisión de seguimento.
- Aspectos xurídicos.

- Informe favorable da Asesoría Xurídica do 7 de xullo de 2025

Apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, do calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, mestrado e doutoramento para o curso 2027/2028.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Educativa, quen presenta o calendario:

Informado favorablemente por asentimento na sesión da COAP do 22 de xullo

Declaración de interese e modificación non substanciais (grao e mestrado):

Tramitación pola Universidade de Vigo			
Actividades	Responsable	Datas (2025/2026)	Formalización
Presentación da declaración de interese verificación/modificación gr mestrado	Xunta de Centro Equipo de Goberno	Ata o 17 de outubro de 2025	•Envío por correo electrónico ¹ dos seguintes documentos: 1. Declaración de intencións de presentación de verificación/modificación do grao/mestrado, acompañada da composición nominal da comisión redactora da memoria, segundo o documento normalizado no SUS . Remisión a SXEG/SXEP e difusión a comunidade universitaria.
Remisión da documentación da proposta de modificación non substancial a SXEG/SXEP	Secretaría do centro	Ata o 17 de outubro de 2025	•Envío por correo electrónico ¹ , en versión editable, dos seguintes documentos: 1. Formulario de solicitude de modificación non substancial para títulos de grao e de mestrado segundo o documento normalizado no SUS . 2. Informe/certificación, en castelán, da aprobación das modificacións non substanciais pola Comisión de Calidade do centro, emitido polo secretario/a do centro.
Difusión á comunidade universitaria	SXEG/SXEP	Desde o 21 de outubro ata o 7 de novembro de 2025	•Publicación na páxina web da universidade e comunicación á comunidade universitaria.
Valoración e aprobación, se procede, da adecuación da proposta de modificacións non substanciais presentadas	COAP	Ata o 21 de novembro de 2025	•Informe da COAP
	Consello de Goberno	Ata o 28 de novembro de 2025	•Acordo do Consello de Goberno
Valoración e aprobación, se procede, da adecuación das propostas de verificación/modificación , aos requisitos xerais e á estratexia institucional	COAP	Ata o 21 de novembro de 2025	•Informe da COAP
	Consello de Goberno	Ata o 28 de novembro de 2025	•Acordo do Consello de Goberno

Universidade de Vigo



Informado favorablemente por asentimento na sesión da COAP do 22 de xullo

Declaración de interese e modificación non substanciais (doutoramento):

Tramitación pola Universidade de Vigo			
Actividades	Responsable	Datas (2025/2026)	Formalización
Presentación da declaración de interese	Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) Grupos/Equipos de Investigación Dirección da EIDO Equipo de Goberno	Ata o 17 de outubro de 2025	- Correo electrónico ¹ a ido.verifica@univigo.gal segundo o formato normalizado dos seguintes documentos: 1. Declaración de INTERESE de presentación do programa de doutoramento, acompañada da composición nominal da comisión redactora da memoria no caso de verificación.
Remisión da documentación da proposta de modificación non substancial á EIDO	Secretaría da CAPD	Ata o 17 de outubro de 2025	- Envío por correo electrónico ¹ , en versión editable, dos seguintes documentos: 1. Formulario de solicitude de modificación non substancial para programas de doutoramento da ACSUG. 2. Informe/certificación, en castelán, da aprobación das modificacións non substanciais pola Comisión de Calidade do centro, emitido polo secretario/a da EIDO.
Difusión á comunidade universitaria	SXEP	Desde o 21 de outubro ata o 7 de novembro de 2025	- Publicación na páxina web da universidade e comunicación á comunidade universitaria.
Valoración e aprobación, se procede, da adecuación da proposta de modificacións non substanciais presentadas	EIDO	Ata o 21 de novembro de 2025	- Informe do Comité de Dirección da EIDO
	Consello de Goberno	Ata o 28 de novembro de 2025	- Acordo do Consello de Goberno
Valoración e aprobación, se procede, da adecuación das propostas de verificación/modificación substanciais aos requisitos xerais e á estratexia institucional	EIDO	Ata o 21 de novembro de 2025	- Informe do Comité de Dirección da EIDO
	Consello de Goberno	Ata o 28 de novembro de 2025	- Acordo do Consello de Goberno

Universidade de Vigo



Informado favorablemente por asentimento na sesión da COAP do 22 de xullo

Proposta de memoria inicial (grao e mestrado):

Tramitación pola Universidade de Vigo			
Actividades	Responsable	Datas (2025/2026)	Formalización
Elaboración da memoria inicial segundo os requisitos establecidos na normativa vigente	Xunta de Centro	Ata o 27 de febreiro de 2026	- Segundo o establecido pola Xunta de Centro
Aprobación da memoria inicial			
Remisión da documentación da proposta á SXEG e SXEP	Secretaría do centro	Ata o 2 de marzo de 2026	- Envío por correo electrónico ¹ , en versión editable, dos seguintes documentos: 1. Memoria de verificación/modificación segundo o formato normalizado. 2. No caso de solicitudes de modificación, copia do documento resumo das modificacións. 3. Memoria xustificativa dos requisitos e da memoria económica segundo o formato normalizado. 4. Acordo de aprobación da memoria no centro/titulación. 5. Documentación que proceda (convenios, cartas de apoio etc.)
Exposición pública á comunidade universitaria na web da universidade	SXEG/SXEP	Do 4 de marzo de 2026 ata o 20 de marzo de 2026	- Publicación na páxina web da universidade e comunicación á comunidade universitaria
Recollida de alegacións	SXEG/SXEP	Durante o prazo de exposición pública	- As alegacións pódense presentar mediante correo electrónico ¹
Avaliación da memoria inicial e remisión do informe técnico	VTID/SXEG/SXEP	Ata o 27 de marzo de 2026	- Dende os servizos e a vicerreitoría revisaranse as propostas. - Envío do informe técnico por correo electrónico, indicando os aspectos que se deban matizar ou modificar.

Informado favorablemente por asentimento na sesión da COAP do 22 de xullo

Proposta de memoria inicial (doutoramento):

Tramitación pola Universidade de Vigo			
Actividades	Responsable	Datas (2025/2026)	Formalización
Elaboración da memoria inicial segundo os requisitos establecidos na normativa vigente	Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD)	Ata o 27 de febreiro de 2026	- Segundo o establecido na propia CAPD
Aprobación da memoria inicial			
Remisión da documentación da proposta á EIDO	Secretaría da CAPD	Ata o 2 de marzo de 2026	- Envío por correo electrónico (ecido.verifica@uvigo.gal), en versión editable, dos seguintes documentos: 1. Memoria de verificación/modificación segundo o formato normalizado. 2. No caso de solicitudes de modificación, copia do documento resumo das modificacións. 3. Memoria xustificativa dos requisitos e memoria económica segundo o formato normalizado. 4. Acordo de aprobación da memoria na CAPD. 5. A documentación que proceda (convenios, cartas de apoio etc.)
Exposición pública á comunidade universitaria na web da universidade	SXEP	Do 4 de marzo de 2026 ata o 20 de marzo de 2026	- Publicación na páxina web da universidade e comunicación á comunidade universitaria
Recollida de alegacións	SXEP	Durante o prazo de exposición pública	- As alegacións pódense presentar mediante correo electrónico a ecido.verifica@uvigo.gal
Avaliación da memoria inicial e remisión á CAPD do informe técnico	EIDO/SXEP	Ata o 27 de marzo de 2026	- Dende o SXEP e a EIDO revisaranse as propostas de programas de doutoramento. - Envío do informe técnico por correo electrónico aos coordinadores/as, indicando os aspectos que se deban matizar ou modificar.

Informado favorablemente por asentimento na sesión da COAP do 22 de xullo

Proposta de memoria final (grao e mestrado):

Tramitación pola Universidade de Vigo			
Actividades	Responsable	Datas (2025/2026)	Formalización
Aprobación da memoria definitiva e elaboración do informe de resposta ás alegacións	Xunta de Centro	Ata o 24 de abril de 2026	- Segundo o establecido pola Xunta de Centro
Remisión da documentación da proposta definitiva ao SXEG (grao) ou ao SXEP (mestrado)	Secretaría do Centro	Ata o 26 de abril de 2026	- Envío por correo electrónico , en versión editable, dos seguintes documentos: 1. Informe de alegacións e respostas a todas as alegacións presentadas. 2. Memoria de verificación/modificación segundo o formato normalizado. 3. Memoria xustificativa dos requisitos e da memoria económica segundo o formato normalizado. 4. Acordo de aprobación da memoria definitiva no centro/titulación. 5. Documentación que proceda.
Informe da COAP	COAP	Ata o 22 de maio de 2026	
Aprobación da proposta	Consello de Goberno	Ata o 29 de maio 2026	
Informe do Consello Social	Consello Social	Ata o 29 de maio 2026	
Envío da solicitude da proposta á Consellería	VTID	1 de xuño de 2026	

Informado favorablemente por asentimento na sesión da COAP do 22 de xullo

Proposta de memoria final (doutoramento):

Tramitación pola Universidade de Vigo			
Actividades	Responsable	Datas (2025/2026)	Formalización
Aprobación da memoria definitiva e elaboración do informe de resposta ás alegacións	CAPD	Ata o 24 de abril de 2026	- Segundo o establecido pola CAPD
Remisión da documentación da proposta definitiva á EIDO	Secretaría da CAPD	Ata o 26 de abril de 2026	- Envío por correo electrónico (eido.verifica@uvigo.gal) en formato Word dos seguintes documentos: 1. Informe de alegacións e respostas a todas as alegacións presentadas. 2. Memoria de verificación/modificación segundo o formato normalizado. 3. Memoria xustificativa dos requisitos e da memoria económica segundo o formato normalizado. 4. Acordo de aprobación da memoria definitiva no centro/titulación. 5. Documentación que proceda.
Aprobación da memoria e informe da EIDO	EIDO	Ata o 22 de maio de 2026	
Aprobación da proposta	Consello de Goberno	Ata o 29 de maio 2026	
Informe do Consello Social	Consello Social	Ata o 29 de maio 2026	
Envío da solicitude da proposta á Consellería	VTID	1 de xuño 2026	

Jacobo Porteiro ten unha dúbida na declaración de interese de Grao, pregunta quen é o equipo de goberno que aparece como responsable, e quere saber se é o reitor, o vicerreitor con competencias, ou calquera membro do equipo de goberno, resúltalle un tanto abstracto. O vicerreitor responde que sempre estivo así, será o reitor.

O reitor di que igual podería poñerse Consello de Dirección, ou reitor. Hai debate.

Rosa Pérez intervén para dicir que ela entendera que se refería a equipo de goberno do centro, non da universidade.

Se decide que se substitúe Equipo de Goberno por Consello de Dirección da Universidade.

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, da normativa de programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións de grao co itinerario específico na Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen presenta a seguinte normativa:

Informado favorablemente por asentimento na sesión da
COAP do 22 de xullo

1. Antecedentes:

Normativa de programa conxunto de estudos oficiais de grao na
Universidade de Vigo.

Aprobada no consello de goberno do 23 de xuño de 2015.

Modificada no consello de goberno do 12 de febreiro de 2016.

Modificada no consello de goberno do 22 de xullo de 2016.

Modificación do modelo de memoria o 10 de xaneiro de 2019.

Informado favorablemente por asentimento na sesión da
COAP do 22 de xullo

2. Obxectivos:


Adaptación da normativa ao RD 822/2021.

Adaptación ás normativas relacionadas coa xestión académica dos estudos da Universidade de Vigo.

Procedementos administrativos relacionados coa matrícula e coa avaliación.


Informado favorablemente por asentimento na sesión da
COAP do 22 de xullo

3. Estrutura



Informado favorablemente por asentimento na sesión da COAP do 22 de xullo

- Informe favorable da Asesoría Xurídica.
- Revisión da Área Normalización Lingüística.
- Exposición pública dende o **18 de xuño de 2025** ata o **15 de xullo de 2025**.
- Suxestións e preguntas recibidas: **9**/(7/2)



Apróbase por asentimento.

9. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de Réxime Interno do Servizo de Publicacións.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen informa acerca da modificación do regulamento:

De cara á obtención de selos de calidade

Artigo 6

Son funcións da Comisión de Publicacións:

- a) Establecer os criterios de política editorial da universidade.
- b) Asesorar a dirección na elaboración da convocatoria anual de publicacións de monografías e manuais.
- c) Asesorar a dirección naqueles aspectos editoriais que considere oportuno. **Revisar as propostas e velar pola súa calidade de cara á súa publicación. De acordo coa súa composición por ámbitos de coñecemento, a comisión ten o carácter propio de comité editorial e científico do Servizo de Publicacións da universidade.**

De cara á obtención de selos de calidade

- d) Aceptar ou rexeitar orixinais remitidos para a súa publicación, tras analizar os contidos, os informes que os acompañan e os que se soliciten, así como o orzamento do servizo.
- e) Establecer a prelación de publicación dos orixinais aceptados.
- f) Aprobar a creación ou a supresión de coleccións, revistas e demais produtos editoriais.
- g) Actuar como comisión asesora da Reitoría en materias relacionadas coa actividade editorial.
- h) Propor cantas iniciativas de carácter editorial considere oportunas para a boa marcha do servizo.

Artigo 8

O Servizo de Publicacións levará a cabo a edición de:

- a) Edicións de carácter institucional que **poderán ser editadas, ou ben soamente pola Universidade de Vigo, ou ben realizadas en réxime de coedición con outras institucións nacionais ou estranxeiras. O financiamento das coedicións poderá ser compartido ou mesmo asumido parcial ou totalmente polas institucións que coediten coa Universidade de Vigo.**
- b) Monografías, manuais e revistas da Universidade de Vigo aprobadas pola Comisión de Publicacións.

- c) Os traballos aprobados pola comisión, que serán financiados ou cofinanciados polo servizo.
- d) Os traballos financiados e avalados academicamente por centros ou departamentos.
- e) Publicacións de actas de congresos ou reunións organizadas por centros, departamentos ou institutos da Universidade de Vigo. Os organizadores serán responsables da calidade da publicación e financiarán o 100 % do custo da edición. Estas propostas tamén serán aprobadas pola Comisión de Publicacións.
- f) O catálogo dos seus fondos, que estará ao dispor das persoas usuarias en edición en liña na web do servizo.

Aprobada pola comisión de investigación do 24 de xullo de 2025

Intervén a continuación o decano da Facultade de Filoloxía e Tradución para pregunta cal é a universidade chinesa e quen foi a parceira desta colaboración. A vicerreitora indica que a parceira coa universidade chinesa e a persoa que o levou alí foi una ex-estudiante da UVigo chinesa, do Fondo Nacional de Ciencias Sociais de China, para facer un título ao ano, e “Espazo urbano en transición” é o título do primeiro libro para traducir.

O decano da Facultade de Filoloxía e Tradución di que esa é ex estudante da FFT, da nosa universidade, é un exemplo claro das posibilidades de internacionalización da Universidade de Vigo, e fai unha suxestión para acadar o selo FECYT para as publicacións da UVigo. Supón un esforzo tremendo, un traballo enorme, no CSIC teñen apoio administrativo, solicita que se dote ao Servizo de Publicacións do apoio administrativo que se precise. Dende a Xerencia debería ser tratado este tema coa importancia que reviste o asunto.

Apróbase por asentimento.

10. Aprobación, se procede, das bases do programa de retención de talento investigador da Universidade de Vigo para o 2025.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen informa sobre este regulamento:

Requisitos das persoas solicitantes

Para seren admitidas neste proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán presentar a súa solicitude dentro do prazo establecido e posuír os seguintes requisitos na data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

- Ser ou ter sido persoal investigador a tempo completo da Universidade de Vigo na modalidade Marie Curie Individual Fellowship, contratos de proxectos de Investigadores Xoves do Ministerio (JIN), Margarita Salas, María Zambrano, Juan de la Cierva-Incorporación, axudas posdoutorais da Xunta de Galicia na modalidade B, e que a data de finalización do seu contrato **ou da prórroga** estea comprendida entre **o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2025**.

Requisitos das persoas solicitantes

- Dispoñer da acreditación da ANECA ou da ACSUG como profesor/a contratado doutor (PCD), profesor/a permanente laboral (PPL) ou ben como profesor/a titular de universidade (TU).
- Presentar a acreditación R3/I3, no caso de posuíla (non é un requirimento excluínte).
- Non ter avaliación negativa na convocatoria correspondente ao seu contrato.

Proposta: manter os criterios dos anos 2020 a 2023 agás o da selección por programas

Aprobado na mesa de negociación (CIG e CCOO a favor, UXT e Asoc. abstención) e na comisión de investigación do 24 de xullo de 2025 (unha abstención).

Requisitos das persoas solicitantes

A selección e a asignación dos contratos realizaranse considerando un **reparto equilibrado entre os catro ámbitos de investigación (científico, tecnolóxico, humanístico e xurídico-social)**. No caso de que non haxa solicitudes dalgún ámbito, o total dos contratos repartirase entre o resto de ámbitos.

Se o número de solicitudes é superior ao de prazas dispoñibles, as persoas solicitantes ordenaranse seguindo os seguintes criterios de prelación:

Requisitos das persoas solicitantes

- Terán precedencia, en primeiro lugar, as persoas aspirantes con acreditación **como TU e acreditación R3/I3**.
- En segundo lugar, as persoas aspirantes con acreditación como PCD ou PPL e acreditación R3/I3.
- En terceiro lugar, as persoas con acreditación a TU sen acreditación R3/I3.
- En cuarto lugar, as persoas con acreditación a PCD ou PPL sen acreditación R3/I3.
- En caso de igualdade nos criterios anteriores, as solicitudes ordenaranse, en primeiro lugar, pola data de obtención da acreditación correspondente.

Requisitos das persoas solicitantes

- En segundo lugar, pola data de certificación do I3/R3.
- En caso de igualdade nos dous criterios anteriores, corrección da maior infrarrepresentación de xénero dunha área de coñecemento da Universidade de Vigo, dentro do profesorado con vinculación permanente.
- En caso de igualdade nos tres criterios anteriores, resolverase a favor da persoa de maior idade.
- En caso de igualdade nos catro criterios anteriores, antigüidade na Universidade de Vigo.

Antes da intervención de Coral del Río, a vicerreitora quere precisar que dentro do seno do equipo de goberno decidiuse que se ía facer unha nova convocatoria extraordinaria de retención de talento, que se levou á mesa pero non se chegou a un acordo. Os sindicatos estaban en parte de acordo, pero non na súa totalidade, aínda que no espírito do equipo de goberno está facer esa nova convocatoria extraordinaria porque o criterio de ámbitos pasara a último lugar e por outros criterios. Engade que como algúns gañaron a praza Ramón y Cajal, no mes de setembro decidírase. Levarase a unha próxima xuntanza para esa xente que se sentiu agraviada, a idea é que poidamos facer unha nova convocatoria.

Coral del Río ten un comentario e unha pregunta, que é se poderá ser cos mesmos criterios. A vicerreitora di que o que queremos é unha excepcional pero do ano anterior. NÓS Universidade cre que é positivo que se volva a criterios de anos anteriores no que se refire a ámbitos, un reparto equilibrado, é dicir, por ámbito. Gustaríalle que outras cousas sigan tamén este criterio, serían felices. A vicerreitora di que de 2020 a 2023 era así, pero no 2024 quitouse e ela non estaba cómoda nin convencida. O xusto sería facer esta convocatoria extraordinaria con este equilibrio entre ámbitos, e invita a NÓS Universidade, se o consideran oportuno, a que dirixan un escrito á mesa de negociación sobre este punto e a opinión manifestada.

Coral del Río pide a continuación se pode concretar, como ven reflectido que o reparto no caso de que non haxa candidatos repartirase no resto dos ámbitos, en base a que criterios. A vicerreitora responde que está xa na primeira frase, porque o primeiro criterio é o reparto equilibrado de ámbitos. Coral del Río quere que se utilice na segunda volta, para seguir reequilibrando no que se poida, utilizando un histórico que permita este reequilibrio. Que o teñamos en conta para o futuro. A vicerreitora o entende e vaino a ter en conta.

Jaime González traslada a preocupación do colectivo do persoal investigador, que xa formulou na Comisión de investigación, polo feito de que se deixen esas 3 prazas pendentes ata esa nova convocatoria extraordinaria. Simplemente pedir que a xente que forma parte da negociación teña en

conta que hai xente pendente para presentarse, que cheguen a un acordo para que esa xente poida presentarse e continuar a súa carreira investigadora, e que poidan competir por esas prazas.

Virxilio Rodríguez intervéñ para propoñer algúns apuntes para mellorar o documento, senón se fixo xa, comentando que na base 7ª, “formalización de solicitudes e procedemento”, o que plantexa non cre que sexa necesario que volva de novo á mesa. Di que os solicitantes deben aportar cvitae detallado, non é necesario aportar os xustificantes dos méritos indicados no curriculum vitae no momento da solicitude. El proporía que, igual que se fai na convocatoria de prazas de profesorado, se indique expresamente que os méritos que figuren no curriculum só se terán en conta se foron obtidos con carácter previo ao prazo ou data límite de presentación de solicitudes. Pide que tamén polo menos se pida unha declaración xurada de que os méritos que se fan constar no curriculum certamente están respaldados por documentación acreditativa dos mesmos, como se fai noutras convocatorias.


O reitor di que ambas as dúas se terán en conta.

Apróbase por asentimento.

11. Aprobación, se procede, da creación do Instituto en Ciencias do Deporte (INCIDE).

O reitor da a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen presenta o procedemento de admisión:

Unha área na cal destaca a nosa universidade



Regulamento da creación e xestión dos institutos de investigación da Universidade de Vigo (aprobado polo Claustro en decembro de 2021)

- Investigadores garantes (2)
- Investigadores promotores (12 permanentes). Sexenios>2
- Plan estratéxico
- Estrutura de goberno: xunta directiva, comisión científica, director/a, secretario/a
- Proceso de vinculación e desvinculación do persoal
- Avaliación externa, comité asesor externo

- Avaliación externa: dous avaliadores, avaliación moi favorable
- Aprobado pola comisión de investigación do 14/05/2025
- Posta a exposición pública e recepción de alegacións
- Revisións das alegacións e acordo coas partes alegantes.
- Ratificación tras os cambios pola Comisión de Investigación o 20/06/2025
- Aprobado polo Claustro o 8/07/2025



Instituto de Investigación en
Ciencias do Deporte (Incide)
Universidade de Vigo



Universidade de Vigo



Valores

- 1) Internacionalización
- 2) Cooperación e integración
- 3) Excelencia
- 4) Especialización
- 5) Responsabilidade social e sostibilidade

Universidade de Vigo



Finalidade

O Incide ten o propósito de se converter en plataforma de referencia para a promoción e para o desenvolvemento do coñecemento científico no ámbito do exercicio físico, a saúde, o rendemento deportivo e a educación física. Isto é, contribuír ao avance do coñecemento no ámbito da actividade física e o deporte, mellorando a calidade de vida da sociedade e potenciando o rendemento deportivo de maneira baseada na evidencia científica.

Persoas investigadoras garantes

- **Carlos Ayán Pérez**
Catedrático na Área de Educación Física e Deportiva
- **Roberto Barcala Furelos**
Catedrático na Área de Didáctica da Expresión Corporal
- **José María Cancela Carral**
Catedrático na Área de Educación Física e Deportiva
- **Carlos Lago Peñas**
Catedrático na Área de Educación Física e Deportiva

Persoas investigadoras promotoras

- **Carlos Ayán Pérez**
Catedrático na Área de Educación Física e Deportiva
- **Roberto Barcala Furelos**
Catedrático na Área de Didáctica da Expresión Corporal
- **José María Cancela Carral**
Catedrático na Área de Educación Física e Deportiva

Persoas investigadoras promotoras

- **María de los Ángeles Fernández Villarino**
Profesora titular na Área de Educación Física e Deportiva da Universidade de Vigo
- **Óscar García García**
Profesor titular na Área de Educación Física e Deportiva da Universidade de Vigo
- **Alfonso Gutiérrez Santiago**
Profesor titular na Área de Educación Física e Deportiva da Universidade de Vigo

Persoas investigadoras promotoras

- **Carlos Lago Peñas**
Catedrático na Área de Educación Física e Deportiva
- **José María Pazos Couto**
Profesor titular na Área de Didáctica da Expresión Corporal
- **Ezequiel Rey Eiras**
Profesor titular na Área de Didáctica da Expresión Corporal

Persoas investigadoras promotoras

- **Vicente Romo Pérez**
Profesor contratado doutor na Área de Didáctica da Expresión Corporal
- **Patricio Sánchez Fernández**
Profesor titular na Área de Economía Financeira e Contabilidade
- **María Elena Vila Suárez**
Profesora titular na Área de Educación Física e Deportiva

Liñas de investigación


1. Análise do efecto da carga de adestramento e competición en deportistas de élite
2. Exercicio físico para persoas maiores
3. O rendemento deportivo a través da metodoloxía observacional
4. Avaliación da competencia motriz
5. Exercicio físico en poboacións especiais

Liñas de investigación

6. Epidemioloxía da actividade física e saúde pública
7. Emerxencias na actividade física e o deporte, salvamento e socorrismo
8. Adestramento deportivo en deportes colectivos
9. Praxe docente na educación física e do deporte
10. Análise do rendemento en deportes colectivos
11. Economía do deporte: xestión e finanzas

Plan estratéxico 2025-2029

Traballando en equipo sobre **7 Eixes clave**



Indicadores

E1. CREAR UNHA CULTURA DE INVESTIGACIÓN DE EXCELENCIA E REFERENTE	2026	2027	2028	2029
1. Participación de mujeres en órganos de gobierno.	100%	100%	100%	100%
2. Informes do Comité interno de Dirección.	1	1	1	1
3. Nº de procesos de unidades de apoio.	1	1	1	2
4. Nº de sectores de investigación co sinérgico.	0	1	1	2
5. Economía das plan de investigación.	1	1	1	1
6. Economía das plan de acción de mellora da calidade.	1	1	1	1
7. Número de votos d'opinioión vob.	2.000	8.000	6.000	8.000
E2. ALCANZAR UNHA MASA CRÍTICA DE INVESTIGADORES DE EXCELENCIA	2026	2027	2028	2029
8. Nº total de investigadores con vinculación permanente.	12	25	35	45
9. Nº de I+D+I activos no grupo.	4	7	7	7
10. Nº de mulleres I+D+I no grupo.	0	1	1	1
11. Nº de investigadores permanentes.	2	3	4	6
E3. CREAR E MANTER O OUTPUT DE PUBLICAÇÕES	2026	2027	2028	2029
12. Nº de publicacións en revistas SCOPUS ou Web of Science.	50	60	70	75
13. Nº de libros, monografías e capítulos de libros.	2	2	3	5
14. Nº de traballos presentados en Congresos/conferencias de prestixio.	4	7	9	10
15. Colaboracións con centros e institutos externos.	2	4	5	5
16. Colaboracións con centros e institutos europeos.	1	2	3	4
17. Edición/revista de publicacións internacionais.	10	12	15	18
18. Participación en comités/órgans de dirección de institucións científicas.	1	2	3	5
E4. ACADAR PARTNERSHIPS ESTRATÉGICOS E COLABORACIONES	2026	2027	2028	2029
19. Rapórtes/relatos de potencialidades e colaboracións.	3	4	5	6
E5. TRANSFERIR O COÑECIMENTO AO SECTOR PRODUCTIVO	2026	2027	2028	2029
20. Nº de contratos e consorcios de investigación con empresas.	1	2	3	4
21. Nº de contratos ou consorcios de investigación con outros entes (administración pública, etc).	0	1	1	2
22. Nº entidades públicas e privadas con quen se celebren consorcios ou contratos.	1	2	2	3
23. Recursos captados con entidades públicas ou privadas a través de consorcios ou contratos (€).	0	10.000,00 €	10.000,00 €	16.000,00 €
24. Nº actividades de divulgación á sociedade.	2	4	4	5
25. Nº de publicacións en revistas de carácter divulgativo, docente ou académicas.	2	3	4	4
26. Nº de congresos/seminarios/cursos/temas de difusión de resultados organizados.	1	1	2	2
27. Nº de mencións en medios e actividades do instituto.	8	10	15	20
E6. CREAR EN FINANCIAMENTO EXTERNO	2026	2027	2028	2029

Indicadores

28. Nº de proxectos en convocatorias competitivas autonómicas.	1	2	2	2
29. Nº de proxectos en convocatorias competitivas estatais.	3	3	4	4
30. Nº de proxectos en convocatorias competitivas internacionais.	0	1	2	2
31. Fondos captados en convocatorias competitivas.	25.000,00 €	40.000,00 €	50.000,00 €	75.000,00 €
E7. POTENCIAR E RETER O TALENTO CIENTIFICO	2026	2027	2028	2029
32. Nº de tesis doctorales que se están dirixindo.	10	12	14	16
33. Nº de tesis doctorales defendidas.	3	5	7	9
34. Nº de traballos de fin de máster dirixidos.	10	12	15	20
35. Nº de investigadores visitantes.	1	2	4	4
36. Nº de técnicas de apoio (informática, laboratorio).	2	2	3	3
37. Docencia en programas de doutoramento e outras actividades formativas.	4	6	6	10
38. Estancias de investigación en outros centros.	2	3	4	5

O reitor agradece a Carlos Lago polo traballo excelente desenvolvido para este proxecto e o esforzo para a creación do Instituto de Deporte, co desexo de que poida ser mais inclusivo no desenvolvemento futuro. A vicerreitora de Investigación agradece a Carlos Lago e a Marián, a futura secretaria.

Apróbase por asentimento.

12. Aprobación, se procede, da creación da spin off CIES5SEC.

O reitor da a palabra á vicerreitora de investigación, transferencia e innovación:



A empresa CIES5SEC que se pretende crear está orientada a ofrecer servizos de enxeñaría especializados en ciberseguridade para equipamento militar e embarcado que precisa de tecnoloxía avanzada para evitar fendas de seguridade nas telecomunicacións.

A empresa desenvolverá e ofrecerá solucións avanzadas en:

- Plataformas de simulación e probas de ciberseguridade para avaliar a resiliencia de infraestruturas críticas.
- Simuladores de guerra electrónica e SIGINT con ferramentas para a detección e a neutralización de sinais hostís.
- Protección de sistemas de mando e de control para asegurar a integridade da información en contornas militares.
- Criptografía avanzada e seguridade cuántica para a protección de comunicacións sensibles.

O equipo da Universidade de Vigo con vinculación permanente á institución que solicita a participación desta na empresa, representa o 36 % na persoa de Fernando Obelleiro Basteiro, catedrático do Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacions. O 60 % restante está en mans de persoas que actualmente están traballando na UVigo como enxeñeiros contratados polo grupo de investigación, pero que non teñen vinculación permanente.

Participación da UVigo: 4 % (120€)

Nome e Apelidos	Relación coa UVIGO	% de participación
Fernando Obelleiro Basteiro	Catedrático	36%
Bruno Seoane Lamata	Enxeñeiro contratado	36%
Hugo Caloto López	Enxeñeiro contratado	12%
Nelson Reboresda Santos	Enxeñeiro contratado	12%
Universidade de Vigo		4%

Resultados a transferir

Os coñecementos, titularidade da Universidade de Vigo, que se transferirían á *spin-off*, serían os coñecementos derivados do contrato de I+D Hermesys SEC (CO-004-20) coa empresa Navantia no que se deseñaron elementos de hardware e de software para integrar no sistema Hermesys para dotalo dos elementos de seguridade que lle permitan cumprir cos requisitos de ciberseguridade que teñen os buques de nova xeración.

Resultados a transferir

Segundo a cláusula novena «Propiedade intelectual e industrial» do citado contrato de I+D, tanto os resultados obtidos como os dereitos de IP pertencerán a Navantia nun 100 %. Porén, á nova *spin-off* só se lle van licenciar os coñecementos e as metodoloxías de traballo adquiridas durante o contrato, non os resultados.

Resultados a transferir

Estes activos non están actualmente protexidos por ningunha das modalidades de propiedade industrial (patente, modelo de utilidade,...) nin figuran inscritos en ningún Rexistro de Propiedade Intelectual. A empresa non ten previsto utilizar inicialmente para a súa actividade ningún coñecemento/tecnoloxía que sexa obxecto de protección por parte da Universidade de Vigo, nin no referido á propiedade industrial, nin á propiedade intelectual.

Resultados a transferir


A empresa utilizará este *know-how*, titularidade da UVigo no desenvolvemento e na explotación de servizos de I+D en áreas como a intelixencia artificial aplicada á ciberseguridade, redes seguras e resilientes fronte a ciberataques e técnicas avanzadas de análise forense dixital.

Acordo de transferencia para explotación dos resultados das actividades de I+D.


Cientes potenciales

- Ministerios de Defensa e axencias gubernamentais encargadas da seguridade nacional e a ciberdefensa.
- Forzas armadas que requiren capacidades avanzadas en guerra electrónica e protección cibernética.
- Empresas do sector da defensa e das telecomunicacións como Navantia e Indra.
- Organismos internacionais de seguridade e de defensa, como a OTAN ou a Axencia Europea de Defensa.

Cientes potenciales




Cientes potenciales



13. Aprobación, se procede, da solicitude pola Universidade de Vigo da cesión pola Xunta de Galicia dos edificios Morse e Enfermería do antigo complexo da Escola de Transmisións e Electrónica da Armada (ETEA) en Teis, Vigo.

O reitor informa sobre a solicitude de cesión por parte da Xunta de Galicia dos edificios Morse e Enfermería ubicados no antigo complexo da ETEA, Vigo.

Edificios da Xunta de Galicia. Proposta de cesión á UVigo



Configuración do Campus do Mar de Galicia



Configuración do Campus do Mar de Galicia

O edificio Morse estaba ocupado polas antigas aulas da ETEA. A súa situación e a súa configuración son idóneas para albergar as aulas para a titulación de Ciencias do Mar da Universidade de Vigo.

O edificio da Enfermaría ten unha configuración axeitada para albergar despachos.

O conxunto formaría unha infraestrutura docente e de investigación coherente xunto co CIM e cos institutos do CSIC.

Documentación do punto da orde do día

SOLICITUDE DE CESIÓN DOS EDIFICIOS MORSE E DA ENFERMARÍA

Excmo. Sr. Alfonso Rueda Valenzuela:

Diríxome a vostede en calidade de reitor da Universidade de Vigo co propósito de formalizar unha solicitude de cesión dos edificios Morse e da Enfermaría, situados nos terreos do antigo complexo da Escola de Transmisións e Electrónica da Armada (en adiante ETEA) en Teis, no marco dos nosos esforzos por trasladar o Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo (CIM) e a Facultade de Ciencias do Mar ao proxecto do futuro Campus científico-tecnolóxico do mar nos terreos da antiga ETEA.

[...]

Documentación do punto da orde do día

Consciente da firme aposta da Xunta de Galicia pola excelencia investigadora e docente plasmada na creación da Rede CIGUS, na que se integra o CIM, e no apoio ao campus de especialización internacional, Campus do Mar, solicítolle que, se o considera oportuno, promova a cesión á Universidade de Vigo dos edificios Morse e da Enfermaría situados na parcela do proxecto sectorial PS-6 do antigo complexo da ETEA para impulsar o desenvolvemento do novo Campus do Mar de Galicia.

[...]

Aproveito a ocasión para saudalo moi cordialmente,

[Sinatura do reitor]

Universidade de Vigo



Jacobo Porteiro remitiu a súa intervención:

“Bo día,

Teño unha serie de dúbidas ou preguntas referentes a solicitude de cesión dos espazos da ETEA. Vou tentar ser breve:

- Existe algunha urxencia en facer esta solicitude de cesión? Chama a atención que se faga nun Consello de Goberno do 30 de xullo. Sei que é un día hábil como calquera outro, pero me pregunto se hai urxencia ou risco de que non facer a petición pon en risco futuras actuacións da UVIGO. Que se saiba, ¿hai algunha outra institución ou entidade interesada neses espazos?
- Como documentación se aporta a carta que, de ser aprobada a petición, o Reitor enviaría a Xunta para facer formal a petición, pero non se achega ningunha información ou memoria económica dos custos que estamos a asumir.
- Estamos en pleno debate de novas titulación, da petición dunha facultade de Medicina, e nese debate, de forma lexítima e lóxica, os centros e títulos existentes amosaron xa a súa preocupación de que novas ‘aventuras’ desatenda as urxencias existentes en canto a inversións nos centros actuais.
- Por iso me pregunto se a enorme inversión que será necesaria na ETEA para levar alí a Facultade de Ciencias do Mar e facer un novo espazo para o CIM é a inversión máis urxente e prioritaria.
- A ningún se lle escapa que estamos a piques de que se abra un proceso electoral para a elección de un novo equipo reitoral, e ben poderíamos deixar o uso dos espazos da ETEA e as prioridades de inversión dos próximos anos, para o debate que sen dúbida deberá existir como parte dese proceso electoral.

- Dende logo as actuacións da ETEA van moito máis aló deste mandato, e xa sei que vostede ten que actuar como Reitor ata o último día do seu mandato, pero volvo a miña pregunta inicial... é urxente facer esta petición e adquirir novos compromisos?”.

O reitor responde que quizais teña algún problema de memoria, porque no primeiro mandato o equipo de goberno fixera unha aposta decidida por consultar á comunidade universitaria se lle parecía positivo ter un campus en Vigo con algunhas titulacións, non todas, evidentemente, e de resultados do que se falou e obtivo nas enquisas decidiuse non tomar esa medida. Con todo, daquela, despois de ter pechado o tema do traslado a Vigo, a Facultade de Ciencias do Mar pediu estar na ETEA. E no programa de goberno despois, e Jacobo era un membro do equipo de goberno, de feito era adxunto ao reitor e traballaba no consello de dirección, sempre estivo claro que se abrían a porta entre Zona Franca e as correspondentes consellerías da Xunta de Galicia a opción do equipo de goberno, que está por escrito, do que Jacobo formaba parte, sería levar á ETEA a Facultade de Ciencias do Mar. Gustaríalle contar co apoio do Consello de Goberno neste proxecto para a Universidade de Vigo, engadindo que a Facultade de Bioloxía engadiu no seu momento que lle gustaría que os mestrados que teñan relación coa bioloxía mariña e acuicultura estiveran tamén ubicados na ETEA.

Vicente Romo intervén para dicir que os terreos da ETEA son moi cobizados, están no centro da cidade e moitas institucións poden solicitar unha concesión. Cre que sería irresponsable retrasar isto xa que hai que aproveitar as oportunidades, os políticos mudan, as opinións políticas mudan, dándolle a noraboa ao reitor. Todos debemos empurrar para non perder uns terreos que, insiste, é un privilexio para a Universidade de Vigo poder aproveitalos como cesión.

José Fariña pregunta se nos 10 millóns presupostados estaba contemplada esta cesión. O reitor responde que non, que estaba contemplado facer obras no edificio de aeroespacial, que leva máis de 10 millóns, e estaba previsto tamén facer obras na ETEA, en principio no Siemens. Non estaba previsto no Morse porque aínda non é noso. Isto vai levar anos.

Coral del Río pregunta se nos comprometemos a algo nun prazo. O reitor dille que intentarase que o convenio sexa o mais amplo posible, que o compromiso é recibir en cesión os edificios.

Virxilio Rodríguez Vázquez felicita pola iniciativa que ven culminar co proceso que comezou moitos anos atrás, con equipos de goberno anteriores. Neses terreos debemos ter un papel preponderante e non podemos deixar pasar esa oportunidade. En relación coa intervención do profesor Jacobo Porteiro, certamente definir e determinar os usos é un debate mais complexo que levaría mais tempo, pero entende que este convenio non preclúe outras posibilidades no futuro. Pero na medida en que ven afondar nun proceso que comezou fai tempo no sentido de que a Universidade tivese presenza alí, e co feito de aproveitar esta oportunidade, enténdese que é positivo.

Apróbase por asentimento.

14. Aprobación, se procede, da proposta de modificación do Regulamento para a docencia en lingua estranxeira nos centros da Universidade de Vigo (ReDLE).

O reitor dálle a palabra á vicerreitora de Internacionalización, quen presenta a proposta de modificación que estiman necesaria:

Regulamento para a docencia en lingua estranxeira nos centros da Universidade de Vigo (ReDLE)

- Aprobado polo Consello de Goberno o 29 de outubro de 2024.
- Publicado o 5 de novembro de 2024 no taboleiro electrónico.
- Proposta de modificación: informada pola Asesoría Xurídica e sometida a exposición pública do 2 ao 16 de xullo de 2025.
- Non recibiu ningunha alegación.
- Proposta de modificación aprobada pola Comisión de Relacións Internacionais o 22 de xullo de 2025 por 11 votos a favor e unha abstención.

Proposta de cambios no REGULAMENTO PARA A DOCENCIA EN LINGUA ESTRANXEIRA NOS CENTROS DA UNIVERSIDADE DE VIGO (ReDLE)

(Aprobado no consello de goberno do 29 de outubro de 2024)

Proposta de cambios no Regulamento para a Docencia en Lingua Estranxeira nos Centros da Universidade de Vigo

TÍTULO I. Sobre as materias en lingua estranxeira

Artigo 2. Elaboración, solicitude e avaliación de propostas

TEXTO VIXENTE

2.1. As xuntas de centro ou as xuntas de titulación, de ser o caso, solicitaranlles ás vicerreitorías con competencias na materia, mediante unha proposta, a impartición de materias en lingua estranxeira nos prazos estipulados. As propostas deberán vir acompañadas do visto e prace dos departamentos vinculados á docencia en lingua estranxeira, no que se garantirá a impartición desta durante un mínimo de catro anos para todas as modalidades (A, B e C). Esta proposta non será necesaria para as materias nas que a docencia en lingua estranxeira se recolla na memoria de verificación do título.

2.4. As vicerreitorías con competencias na programación docente anual (PDA) e en internacionalización serán as responsables da análise das propostas presentadas, da súa aprobación e envíanllas á unidade administrativa correspondente.

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN

2.1. As xuntas de centro ou as xuntas de titulación, de ser o caso, solicitaranlles ás vicerreitorías con competencias na materia, mediante unha proposta, a impartición de materias en lingua estranxeira nos prazos estipulados. As propostas deberán vir acompañadas do visto e prace dos departamentos vinculados á docencia en lingua estranxeira, no que se garantirá a impartición desta durante o seguinte curso académico para todas as modalidades (A, B e C). Esta proposta non será necesaria para as materias nas que a docencia en lingua estranxeira se recolla na memoria de verificación do título.

2.4. A vicerreitoría con competencias en internacionalización será a responsable da análise das propostas presentadas: materia, docente(s) e espazo.

Proposta de cambios no Regulamento para a Docencia en Lingua Estranxeira nos Centros da Universidade de Vigo

Artigo 2. Elaboración, solicitude e avaliación de propostas

TEXTO VIXENTE

2.5. No caso de que a proposta mereza unha valoración negativa por parte das vicerreitorías referidas, estas indicarán as accións de mellora que se poidan acometer para considerar a súa implantación futura.

2.6. A aprobación das propostas que supoñan a contratación adicional de profesorado corresponderalle ao Consello de Goberno, tras o informe favorable das vicerreitorías con competencias na materia.

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN

2.5. No caso de que a proposta reciba unha valoración positiva, a vicerreitoría con competencias na programación docente anual (PDA) avaliará a súa viabilidade segundo a normativa vixente de criterios de elaboración da PDA.

2.6. A aprobación das propostas consideradas estratéxicas para a Universidade de Vigo e que supoñan a contratación adicional de profesorado corresponderalle ao Consello de Goberno, tras o informe favorable das vicerreitorías con competencias na materia.

Proposta de cambios no Regulamento para a Docencia en Lingua Estranxeira nos Centros da Universidade de Vigo

Artigo 3. Implantación, seguimento e cancelación

TEXTO VIXENTE

3.3. As xuntas de centro farán un adecuado seguimento da implantación e da evolución das materias impartidas en lingua estranxeira, seguindo o procedemento que se estableza para tal fin.

Para estes efectos, a Unidade de Análise e Programas ou a unidade administrativa correspondente analizará a información específica das materias impartidas en lingua estranxeira.

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN

3.3. Os equipos directivos dos centros farán un adecuado seguimento da implantación e da evolución das materias impartidas en lingua estranxeira, seguindo o procedemento que se estableza para tal fin dende a Vicerreitoría de Internacionalización.

Para estes efectos, a Unidade de Análise e Programas ou a unidade administrativa correspondente analizará a información específica das materias impartidas en lingua estranxeira.

Proposta de cambios no Regulamento para a Docencia en Lingua Estranxeira nos Centros da Universidade de Vigo

Artigo 4. Acreditación da competencia lingüística do PDI

TEXTO VIXENTE

4.2. A acreditación do coñecemento lingüístico do PDI que imparta docencia en lingua estranxeira deberáselle solicitar á vicerreitoría con competencias en internacionalización mediante unha das seguintes opcións:

a) A certificación dun nivel C1 na lingua estranxeira en cuestión consonte o marco común europeo de referencia para as linguas (MCERL), emitida por unha institución das aceptadas pola Universidade de Vigo no seu plan de internacionalización lingüística ou polo Centro de Linguas (CdL) da Universidade de Vigo. O profesorado da Universidade de Vigo que xa estea impartindo docencia nunha lingua estranxeira e teña acreditado un nivel B2 terá tres anos para conseguir a certificación de nivel C1, sempre que sexa posible.

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN

4.2. A acreditación do coñecemento lingüístico do PDI que imparta docencia en lingua estranxeira deberáselle solicitar á vicerreitoría con competencias en internacionalización de acordo cunha das seguintes opcións:

a) A certificación dun nivel C1 na lingua estranxeira en cuestión consonte o Marco común europeo de referencia para as linguas (MCERL), emitida por unha institución das aceptadas pola Universidade de Vigo¹. O profesorado da Universidade de Vigo que xa estea impartindo docencia nunha lingua estranxeira e teña acreditado un nivel B2 terá tres anos para conseguir a certificación de nivel C1, sempre que sexa posible.

¹ NOTAAO PÉ

Aceptaranse os certificados recoñecidos por ACLES na súa última actualización (<https://www.acles.es>) e os das Mesas Lingüísticas da CRUE na súa última actualización (<https://proyectos.crue.org/acreditacion/>)

Proposta de cambios no Regulamento para a Docencia en Lingua Estranxeira nos Centros da Universidade de Vigo

Artigo 4. Acreditación da competencia lingüística do PDI

TEXTO VIXENTE

d) A certificación expedida polo CdL da Universidade de Vigo (Higher Education Lecturing Accreditation, HELA) ou centros análogos na que se acrediten as aptitudes para a docencia na lingua estranxeira en cuestión tras realizar unha proba específica. O HELA será de balde para o PDI da Universidade de Vigo, sempre e cando estea dispoñible para impartir docencia en lingua estranxeira durante, polo menos, os tres cursos académicos posteriores á súa realización. O HELA terá unha validez de tres anos, que se contarán dende o seguinte ao último no que se imparta docencia en inglés.

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN

d) A certificación expedida polo CdL da Universidade de Vigo (Higher Education Lecturing Accreditation, HELA) ou centros análogos na que se acrediten as aptitudes para a docencia na lingua estranxeira en cuestión tras realizar unha proba específica. O HELA será de balde para o PDI da Universidade de Vigo que manteña a súa vinculación contractual no curso académico seguinte ao da obtención do HELA. O HELA terá unha validez de tres anos, que se contarán dende o seguinte ao último no que se imparta docencia en inglés.

Proposta de cambios no Regulamento para a Docencia en Lingua Estranxeira nos Centros da Universidade de Vigo

Artigo 4. Acreditación da competencia lingüística do PDI

TEXTO VIXENTE

4.4. A acreditación do profesorado para impartir docencia en lingua estranxeira renovarase automaticamente dun ano académico para o outro, agás que, por segundo ano consecutivo, obteña unha avaliación desfavorable na enquisa deseñada para tal fin.

No caso de estar incurso neste suposto, a renovación da acreditación para impartir docencia en lingua estranxeira no vindeiro curso académico estará condicionada á superación da proba para a docencia do CdL da Universidade de Vigo (HELA), na que terá preferencia de reserva de praza.

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN

4.4. A acreditación renovarase automaticamente cada ano académico sempre e cando se continúe a impartir a docencia na mesma lingua estranxeira.

Proposta de cambios no Regulamento para a Docencia en Lingua Estranxeira nos Centros da Universidade de Vigo

Artigo 5. Seguimento

TEXTO VIXENTE

5.1. Para o seguimento da actividade docente desenvolvida en lingua estranxeira, un dos aspectos que se debe considerar será a satisfacción do estudantado coa docencia recibida desde unha perspectiva lingüística. Así, ademais das enquisas xerais da Universidade de Vigo de avaliación da satisfacción do estudantado coa docencia recibida, a unidade administrativa correspondente artellará, en coordinación coa área de tecnoloxías da información, o mecanismo axeitado para compilar información adicional do estudantado participante en materias impartidas en lingua estranxeira ao respecto da percepción da docencia recibida.

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN

O seguimento da actividade docente desenvolvida en lingua estranxeira realizarase a través das enquisas xerais da Universidade de Vigo de avaliación da satisfacción do estudantado coa docencia recibida.

Proposta de cambios no Regulamento para a Docencia en Lingua Estranxeira nos Centros da Universidade de Vigo

TÍTULO II. Sobre o estudantado que curse materias nunha lingua estranxeira

Artigo 7. Acreditación da competencia lingüística do estudantado

TEXTO VIXENTE

7.2. Para poder matricularse nas materias que se impartan en lingua estranxeira, o estudantado (incluído o internacional) deberá acreditar, nos prazos e polas canles establecidas, unha capacitación lingüística suficiente para un adecuado aproveitamento da docencia mediante:

- A acreditación da nacionalidade dun país no que a lingua en cuestión sexa oficial ou da residencia mínima de dous anos nese país nos últimos cinco anos.
- A certificación do nivel B1 na lingua estranxeira en cuestión consonte o MCERL, aceptada pola Universidade de Vigo.
- A acreditación de recibir con anterioridade docencia regrada na devandita lingua estranxeira nunha institución de ensino medio ou de educación superior, por un mínimo dun curso académico completo nos últimos cinco anos.
- Calquera outra vía diferente ás anteriormente listadas que, con carácter excepcional, sexa aceptada pola vicerreitoría con competencia en internacionalización, tras a solicitude razoada da persoa.

Os servizos de Xestión Académica de Estudos de Grao e de Posgrao ou a unidade administrativa correspondente será o encargado de examinar as acreditacións e de confirmar ou denegar a matrícula do estudantado nas materias en lingua estranxeira.

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN

7.2. O estudantado (incluído o internacional) deberá posuír uns coñecementos lingüísticos suficientes para un adecuado aproveitamento da docencia.

Proposta de cambios no Regulamento para a Docencia en Lingua Estranxeira nos Centros da Universidade de Vigo

DISPOSICIÓNS

TEXTO VIXENTE

Non ten disposición derogatoria

Disposición final

O presente regulamento entrará en vigor no curso 2025/2026.

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN

Disposición derogatoria

Queda derogada calquera norma de igual ou inferior rango que se opoña ao establecido neste regulamento. Queda derogado o Plan de internacionalización lingüística da Universidade de Vigo.

Disposición final

O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo.

O decano da Facultade de Filoloxía e Tradución quere ser coherente coa posición da súa vicedecana de Relacións Internacionais, polo que manifesta a súa abstención.

Resultado da votación:

32 votos a favor, 1 en contra e 7 abstencións.

Apróbase por maioría.

15. Posicionamento da Universidade de Vigo ó respecto do uso do galego e doutras linguas do estado na Unión Europea.

O reitor dálle a palabra á vicerreitora de Extensión Universitaria, para expresar o posicionamento da Universidade de Vigo con respecto ao uso do galego:

- 7.º aprazamento, 18 de xullo.
- Solicitan a sinatura dun manifesto.
- Manifesto propio.
- Oficialidade (galego, catalán e éuscaro): realidade plurilingüe.
- Rexeitamento motivos (económicos, estratéxicos).
- 20 millóns de cidadáns e cidadás europeos.

Virxilio Rodríguez intervéñ para dicir que está de acordo co documento. Pediría, se non se fixo xa, un plantexamento conxunto das 3 universidades galegas ao respecto. Sería unha iniciativa da Universidade de Vigo para facer co resto das universidades públicas do SUG unha comunicación conxunta nesa mesma liña. O reitor responde que queda anotado, parécelle moi acaído.

Intervén a continuación Miguel Cuevas para agradecer que se traía esta sinatura do texto, e ao reitor por traer a sinatura do texto. Vai na mesma liña de Virxilio. Gustaríalle indicar unha cuestión, desde o punto de vista lingüístico quizais queda un pouco rechamante, o dereito das linguas non ven pola súa orixe histórica senón que o dereito das linguas ven dos falantes, teñan historia ou non, ás veces non é a historia o factor esencial. Mellor consultar con algún lingüista que poida facer este tipo de apreciacións. Bota en falta tamén algunha reivindicación.

Apróbase por asentimento.

16. Nomeamento dos membros da Comisión contra o Acoso Sexual e por razón de Sexo (CAS), a proposta da Comisión de Igualdade da Universidade de Vigo.

O reitor indica que a Comisión de Igualdade, reunida o día 16 de maio de 2025, ás 10.30 h na sala virtual da Unidade de Igualdade do Campus Remoto, acordou por unanimidade a proposta das persoas integrantes da Comisión contra o acoso sexual e por razón de sexo (CAS) da Universidade de Vigo, que é a seguinte:

Proposta de integrantes da Comisión de Acoso Sexual

- Representante do PDI: Jose María Failde Garrido. Profesor titular da área de Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos.
- Representante do PTXAS: David Basalo Domínguez. Coordinador da UAP.
- Representante do estudantado: Manuel Leonardo Torrecilla Río. Estudante do Grao de Enxeñaría Informática.

Resto de integrantes:

- Directora da Unidade de Igualdade: Yolanda Rodríguez Castro,
- Representante da Xerencia: Noemi Sirera Diéguez, vicexerenta de Recursos Humanos,
- Persoa da Secretaría Xeral: María José Bravo Bosch.

Universidade de Vigo

Miguel Cuevas pregunta o motivo polo que non está a parte social. O reitor responde dicindo que vai enviar a directora a suxestión de que podan incluír á parte social.

Coral comenta que vai absterse de xeito persoal, di que non se sente cómoda.

Votación:

A favor: 30

En contra: 0

Abstencións: 5

Apróbase por maioría.

O reitor comenta a continuación que daralle unha volta á normativa.

17. Elección dos seguintes membros das comisións delegadas do Consello de Goberno(1): Organización Académica e Profesorado (1 PDI); e Extensión Universitaria e Estudiantes (1PDI).

- Comisión delegada de Organización Académica e Profesorado: 1 PDI
Presentouse a candidatura de:
María Rosa Pérez Rodríguez (Facultade de Filoloxía e Tradución)

Non é necesario celebrar eleccións.

- Comisión delegada de Extensión Universitaria e Estudiantes: 1 PDI

Presentouse a candidatura de:

María Isabel Mociño González (Facultade de Educación e Traballo Social)

Non é necesario celebrar eleccións.

18. Elección dun representante no Comité de Dirección da EIDO: 1 estudante do ámbito Tecnolóxico.

Presentáronse as candidaturas de:

- Diego Cajaraville Aboy (ámbito tecnolóxico - Programa de doutoramento DocTIC)
- Antonio Adrián González Pedrouzo (ámbito tecnolóxico - Programa de doutoramento en Sistemas Software Intelixentes e Adaptables)

É necesario celebrar eleccións.

Resultado das votacións:

30 votos a favor de Diego Cajaraville Aboy, 1 a favor de Antonio Adrián González Pedrouzo, e 3 abstencións.

Saíu elixido Diego Cajaraville Aboy.

19. Quenda de intervencións.

Intervén en primeiro lugar Jacobo Porteiro para preguntar se podería dicirse en que situación está o tema de Medicina despois do convenio que se asinou entre a USC e o SERGAS para que a USC poida empregar a todo o persoal de todos os hospitais galegos, asinado o mesmo día que se estaba a negociar a descentralización, escolleron mal o timing, xa ve un movemento por detrás da mesa da UDC nun movemento unilateral. Quere saber a folla de ruta e os pasos que se prevén dar. O reitor responde que a súa idea é comezar a marcar unha folla de ruta para a descentralización real de Medicina coa participación das universidades de Vigo e A Coruña mais ou menos en pé de igualdade. Intervén a continuación Coral del Río para falar de Medicina. As noticias sucédense con moita frecuencia, pero precisamente por isto sorpréndelle que haxa falado pouco o reitor sobre este tema no informe. Deixa en mal lugar ao grupo de traballo esa decisión tomada, case con deslealdade. O rogo de Nós Universidade e que o reitor dimita desa comisión, non se pode permitir, habería que dar un golpe na mesa.

Ignacio Bajo Palacio fala respecto ao borrador de Estatutos, coas datas nas que estamos e as emendas presentadas cre que vanse retrasar moito, non sabe se vaise manter a data de eleccións, ou non.

O reitor di que se vai manter o período das eleccións. A comisión debeu traballar moi ben, xa que as achegas de emendas son poucas, pero non ten atranco facer as eleccións o feito de non ter rematados os estatutos.

Miguel Cuevas fala en relación con Medicina, o Consello de Goberno debería posicionarse a favor ou non de Medicina, que non pareza que a UVigo queda ao marxe desas discusións.

A segunda cuestión é que quere saber como está a acción social. A terceira é relativa ao recoñecemento de créditos por parte do Ministerio. O reitor indica que non chegou a resposta sobre o recoñecemento.

O reitor comenta, en relación con Medicina, que estivo onte na reunión do grupo de traballo cos conselleiros e deixou claro que non habería dúas facultades na mesma provincia, senón que entón deberían crear tres facultades. As titulacións apróbanse en negociacións que se debaten antes de presentar as propostas, rompeuse a tradición que se tiña ao respecto. O órdago da UDC pode servir para avanzar na liña do acordado no 2015. O reitor quere que os estudantes de 4, 5 e 6 poidan estudar en UVigo e, se o consegue, dentro dunha titulación interuniversitaria sería moito mellor. Xuntos somos mais fortes, a titulación é moito mais cara, cun porcentaxe de docentes por estudante moi alto, (1-1). O que pide o reitor é que o deixemos traballar, con boa fe, el vai de fronte e quere que a titulación se imparta en Vigo e A Coruña, non vai permitir soamente que se imparta na UDC. Se conseguise un título partillado, aínda que a USC ten unha posición moi regresiva, sería moi bo para a nosa universidade. Ten citados aos do grupo de traballo mañá no edificio Exeria, polo que non se vai dar de baixa, pero tampouco está para perder o tempo se non ve avances en cada reunión. Pide que o reitor sexa o que faga a proposta, e apoiemos no Consello de Goberno o pedimento cando proceda.

Virxilio considera que o convenio está actualmente en vigor, e aproveita para pedir as actas da comisión de seguimento do 2015 e a instancias de que universidade. O reitor responde que é unha comisión específica, un grupo de traballo que representa a cada entidade, e o que teñen é un encargo para chegar a un acordo. De feito o reitor ten presentado varios documentos ao respecto.

Virxilio Rodríguez pregunta tamén se a UDC denunciou o convenio. O reitor cre que non fixo a renuncia expresa.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:27 h. do día 30 de xullo de 2025, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

A secretaria xeral